

Recensións
Reviews

KOESTERS GENSINI, Sabine E. e BERARDINI Andrea (Eds.) (2020): *Si dice in molti modi. Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino. Tomo I.* Roma: Sapienza Università Editrice. ISBN 978-88-9377-169-6; 382 páxs¹.



A obra *Si dice in molti modi: Fraseologia e traduzioni nel Visconte dimezzato di Italo Calvino*, publicada pola editorial Sapienza Università Editrice en 2020 e dirixida por Sabine Elisabeth Koesters Gensini mais por Andrea Berardini, conta con dous volumes; o primeiro é o obxecto da presente recensión.



Este volume un subdivídese en tres partes: a primeira componse dos capítulos 1 e 2; a segunda vai do 3 ao 6 e a terceira, do 7 ao 10. Canto á temática, o libro céntrase na recollida, na análise e na tradución das unidades fraseolóxicas recollidas no *Visconte dimezzato* de Italo Calvino e tamén na presentación de CREAMY (*Calvino REpertoire for the Analysis of Multilingual Phraseology*), unha aplicación web



que, dada a complexidade do proceso interpretativo da fraseoloxía e das técnicas de tradución, facilita a investigación fraseolóxica multilingüe.

No primeiro capítulo, titulado «*La fraseologia multilingue tra linguistica contrastiva e traduttologia*» e da autoría de Sabine E. Koesters Gensini, ilústrase o estado actual da investigación en fraseoloxía, empezando polas definicións que permiten recoñecer e comprender as unidades fraseolóxicas. Dada a especificidade da materia, a autora explica o concepto mais as principais características da expresión *polirematica* a partir da definición de Tullio De Mauro «*qualsiasi combinazione di parole o morfemi lessicali in cui sia presente un elemento di agglutinazione semantica e/o strutturale fra i costituenti lessicali*». Ademais, o capítulo introduce o último en fraseoloxía multilingüe, en lingüística contrastiva e en tradutoloxía, disciplinas que inflúen na creación de CREAMY.

A lingüística contrastiva ten a súa orixe no estruturalismo estadounidense, na segunda metade do século XX, e ocúpase da identificación de semellanzas e, sobre todo, de diferenzas entre dous ou máis sistemas lingüísticos pertencentes a un mesmo momento histórico. A tradutoloxía, pola súa banda, ocúpase tanto do proceso ao que se somete un texto na lingua de partida para chegar ao mesmo pero na lingua meta como do produto da tradución en relación co texto orixinal. Entre as dúas ramas lingüísticas, sitúase, precisamente, a investigación CREAMY. O obxectivo xeral da súa primeira fase (de 2016 a 2018) consiste, por un lado, na lectura e na análise intralingüística da fraseoloxía das obras en prosa de Italo Calvino e, por outro, na extracción sistemática dos seus equivalentes e na súa posterior análise intralingüística en diferentes linguas. A comparación intralingüística levouse a cabo a partir de usos fraseolóxicos concretos en italiano, tanto desde o punto de vista do significante como do significado, mentres que a comparación interlingüística permitiu captar unha ampla gama de matices tanto en italiano como noutras linguas.

¹ Tradución ao galego de Andrea Ucha Bouzada.

O segundo capítulo titúlase «*CREAMY (Calvino REpertoire for the Analysis of Multilingual Phraseology): l'ideazione di un'applicazione web per la ricerca fraseologica multilingüe*» e escribírono Paolo Bottoni, Sabine E. Koesters Gensini e Filippo Mazzei. A autoría presenta nel o seu traballo sobre a concepción e realización da aplicación web CREAMY partindo da necesidade de comparar e de conciliar as cuestións lingüísticas coas consideracións informáticas. Esta aplicación creouse no marco dun proxecto de investigación interdisciplinar dirixido por Sabine E. Koesters Gensini (Sapienza Università di Roma) que se titula *Comparing idiomatic language use: Italo Calvino's phraseology in Romance, Germanic and Slavic languages*. CREAMY é o nome convencional que se lle conferiu e deseñárona Paolo Bottoni (coa colaboración de Filippo Mazzei) e Sabine E. Koesters Gensini para o traballo de arquivo e de análise das unidades fraseolóxicas.

O capítulo explica a estrutura e as funcións da antedita aplicación, tanto desde o punto de vista lingüístico como do informático: a idea é ofrecer un soporte informático que permita recompilar unidades fraseolóxicas italianas xunto cos seus equivalentes noutras linguas e, ao mesmo tempo, poder consultar esa información de maneira simple e intuitiva. Desde o punto de vista lingüístico, o uso de certas unidades fraseolóxicas nunha dada obra literaria caracteriza o estilo da correspondente autoría e, xa que logo, require dunha atención específica por parte de quen lea esa obra e mais pola de quen a traduza. Desde o punto de vista informático, as bases de datos teñen como obxectivo a construción de sistemas cerrados que posibiliten traducións automáticas. Cada unidade fraseolóxica descríbese segundo uns parámetros específicos: a forma lematizada, a páxina na que aparece, o contexto, o significado textual, a tipoloxía, o tipo de significado, a categoría léxica, a composición estrutural, o valor sociolingüístico, o valor de uso, o campo semántico, os constituíntes léxicos, o nome do dicionario, a descrición integral, o número de acepción, a marca de uso, a lematización diferente e as notas. Por último, inclúese a columna «*equivalenza*», onde se especifica a relación que existe entre a unidade fraseolóxica do texto principal mais o seu equivalente.

A segunda parte do volume, «*Lingua e traduzioni di Italo Calvino*», comeza co terceiro capítulo da obra, titulado «*Calvino qui e altrove: il caso del Visconte*» e elaborado por Laura Di Nicola e por Francesca Rubini. Ilustra o «*cosmopolitismo culturale, esistenziale e geografico di Calvino*». *Calvino qui e altrove* constitúe un proxecto lanzado en 2015 pola Sapienza Università di Roma que promove o estudo da obra de Italo Calvino en Italia e en todo o mundo.

En xuño de 2018, creouse o Laboratorio Calvino, un centro de investigación dependente do Dipartimento di Lettere e Culture dirixido por Giovanni Solimine, por Laura Di Nicola e, pouco antes do seu falecemento, por Esther Calvino que agora goza co apoio de Giovanna Calvino e cuxa misión é materializar as actividades arredor do mencionado proxecto *Calvino qui e altrove*. Máis concretamente, trátase dun centro interdepartamental dedicado á memoria dun dos maiores clásicos da Europa do século XX que se pretende converter en lugar privilexiado desde o que contribuir ao desenvolvemento dos estudos sobre as obras de Calvino, cun labor de coordinación tanto nacional como internacional e promovendo

a lectura non só das edicións italianas, senón tamén daquelas estranxeiras procedentes da biblioteca persoal do autor ata 1985. A obra obxecto da investigación publicouse en 1952 en *I Gettoni*, colección de ficción da editorial Giulio Einaudi Editore dirixida por Elio Vittorini. Italo Calvino tiña 28 anos cando escribiu *Il Visconte dimezzato* e, a pesar de que el non quixera publicar esta obra, foi acollida positivamente pola crítica (de Emilio Cecchi Carlo Bo) e polo público italiano en xeral; de feito, tres anos máis tarde, lograría unha gran difusión no estranxeiro e traduciríase a 38 idiomas. Nunha perspectiva diacrónica, o número de edicións dispónse cunha tendencia crecente que se consolida nos anos posteriores á súa morte e, ata a actualidade, posúe unha centena de edicións estranxeiras.

No cuarto capítulo, titulado «*C'era una guerra contro i turchi... La lingua del Visconte dimezzato tra stile favolistico, evocazioni epico-cavalleresche ed elementi dialettal-colloquial-popolari*», Maria Carosella ofrece un recoñecemento global da «polimorfía» lingüística do *Visconte*, que vai desde as referencias á tradición do conto e da fantasía ata as referencias á tradición do poema épico-cabaleiresco, sen descoidar os elementos dialectais e coloquiais. En particular, Carosella explora a densa rede de correspondencias que vinculan o *Visconte* co *Orlando furioso* de Ariosto, que Calvino utiliza como modelo, para pasar despois a un recoñecemento preciso dos antropónimos e dos topónimos presentes na novela.

Calvino mestura, de xeito admirable, o estilo da fábula coa evocación de poemas épico-cabaleirescos. Do *Orlando furioso* retoma as escenas de batalla mais os excursos descritivos, as formas léxicas obsoletas, os trazos lingüísticos do seu autor e os nomes nobremente antigos (Medardo; Aiolfo...). Alén diso, no *Visconte*, hai matices de dialectalidade do norte de Italia, de coloquialidade e de popularidade, tanto no que ten a ver coas formas léxicas como coas expresións idiomáticas e coas metáforas.

O quinto capítulo, «*La fraseologia calviniana nel Visconte dimezzato (1952)*», de Michela Piattelli, achéganos ao tema central do estudo que recolle o libro; a autora ilustra os criterios segundo os cales se identificaron 790 expresións idiomáticas no texto italiano do *Visconte* e describe as categorías utilizadas no CREAMY para as catalogar. Tal análise fraseolóxica realizouse entre 2018 e 2019 e, se ben se centra no italiano, tamén trata os equivalentes noutras linguas e permite identificar novas unidades fraseolóxicas na lingua orixinal.

No traballo de Piattelli, descríbense os criterios de identificación e, aínda, de ordenación interna na táboa de clasificación CREAMY. A este propósito, examínanse as entradas pertencentes ás categorías de clasificación relativas aos aspectos semánticos e sintácticos das unidades fraseolóxicas e, á parte diso, ilústranse as razóns que levaron á súa identificación mais os criterios de asignación das expresións illadas no texto. Por último, discútense os resultados do estudo e esbózanse algunhas posibilidades de investigación futura.

A terceira parte do libro, «*Descrivere e analizzare la fraseologia con CREAMY: il caso del Visconte dimezzato di Italo Calvino*», presenta os resultados da comparación entre as referidas 790 expresións *polirematiche* xunto das súas traducións en doce linguas

diferentes. As contribucións individuais seguen unha estrutura única, comezan pola presentación das características morfosintácticas e léxicas máis relevantes da lingua examinada para pasaren, despois, a un recoñecemento das unidades fraseolóxicas nos distintos ámbitos lingüísticos e chegaren, finalmente, a unhas análises cuantitativa e cualitativa dos equivalentes das expresións italianas.

O sexto capítulo, «*La fraseologia calviniana in russo: il caso di Razdvoennyj vikont*», de Maria Teresa Badolati e de Federica Floridi, compara as expresións idiomáticas identificadas na versión italiana do *Visconte* cos seus equivalentes na edición rusa de 2000. A análise cuantitativa amosa que esta tradución privilexia máis o nivel semántico ca o formal e presenta un elevado número de equivalentes *monorematici*, quéirase dicir, formados por unha unidade léxica. Alén diso, as autoras destacan certa serie de transformacións, como a dos verbos sintagmáticos italianos, convertidos en verbos compostos rusos, o cal marca a tendencia da lingua rusa á síntese e á aglutinación. Na mesma liña, Badolati e Floridi destacan, tamén, o caso dos análogos fraseolóxicos, ou sexa, de expresións *polirematiche* que transportan un significado similar ás italianas, pero que se basean en imaxes ou metáforas diferentes e que poñen de relevo o vínculo entre o nivel puramente lingüístico e o cultural.

A investigación aquí encerrada ofrece un enfoque funcional, de feito, as expresións *polirematiche* italianas e os equivalentes rusos non se consideran nun plano abstracto, senón dentro do contexto en que se utilizan; por conseguinte, para avaliar a equivalencia interlingüística, non só se mide a correspondencia estrutural, mais aínda a función semántica e as posibles connotacións estilísticas adquiridas no contexto específico de uso. En xeral, no texto ruso reproducense o sentido, o timbre mais o aspecto estilístico do texto de partida; ao facelo, a persoa responsable da tradución capta e respecta o peso peculiar que asume a fraseoloxía na obra de Calvino. Canto á busca de equivalencias fraseolóxicas, o nivel semántico parece primar sobre o formal e vese como, nas máis das expresións, a equivalencia semántica se produce tamén en ausencia de equivalencia formal. Continuándonos con este asunto da correspondencia interlingüística, nalgúns casos preséntase unha equivalencia total, coma no de «*ficcare il naso*», que en ruso se corresponde con «*совать нос*». En contraste, no que ten a ver co uso de metáforas e de imaxes para reproducir os significados orixinais, temos o exemplo de «*notte da lupi*» ('noite de lobos'), traducido ao ruso como «*ногода собачья*» ('tempo de cans'). Reparando agora nos verbos de apoio, obsérvase que o ruso, co seu sistema articulado de prefixación e de sufixación, tende a favorecer os procedementos sintéticos de lexicalización, como За- na forma «*загореться*», «*infiammarsi*» ('acender') en italiano > «*prendere fuoco*» ('prenderse lume'). En conclusión, este traballo mediante CREAMY permitiu comprender como o contorno sintáctico mais o contexto específico de uso inflúen no funcionamento das unidades fraseolóxicas.

O sétimo capítulo, «*La fraseologia calviniana in svedese: Il caso di Den tudelade visconten*», confeccionado este por Andrea Berardini, ten por obxecto o estudo da única tradución do *Visconte* ao sueco, *Den tudelade visconten*, publicada por

primeira vez en 1962 e reeditada en 2016. Na primeira parte do traballo, preséntanse as características da lingua e da fraseoloxía suecas e, a continuación, ilústranse os resultados da comparación entre as *polirematiche* identificadas no texto orixinal en italiano e os seus equivalentes en sueco.

A análise contrastiva das expresións *polirematiche* no *Visconte dimezzato* e os seus equivalentes suecos revela datos interesantes: 357 das 790 expresións fraseolóxicas do texto italiano encontran como equivalente unha expresión *polirematica* sueca. Así, nesta tradución, tamén se privilexia, xeralmente, o nivel semántico en detrimento do formal, pero o grupo máis representativo de correspondencias é o dos equivalentes, que mostran unha total paridade formal e semántica coas expresións do texto orixe (94 en total: 48 locucións e 46 colocacións). A perspectiva contrastiva resulta, a propósito, moi frutífera para futuras investigacións neste ámbito, tanto á hora de identificar os elementos e estratexias que o sueco comparte con outras linguas máis ou menos veciñas como á de identificar algúns dos seus trazos máis específicos.

No oitavo capítulo, «*La fraseologia calviniana in romeno: Il caso di Viconteale tăiat în două*», de Danilo De Salazar, analízase a tradución romanesea do *Visconte*, *Viconteale tăiat în două*, de 1999, na que se pon de manifesto un altísimo grao de equivalencia tanto formal como semántica entre o italiano e a antedita lingua meta. O obxectivo destoutra investigación consiste en transmitir algúns dos resultados obtidos durante a análise contrastiva das unidades fraseolóxicas da tradución romanesea co fin non só de destacar certas especificidades presentadas pola lingua de chegada, senón tamén de evidenciar as estratexias de tradución que se adoptaron. Na primeira parte do traballo, ofrécese unha visión xeral sobre o estado dos estudos fraseolóxicos no ámbito académico romanés, a partir da definición e da evolución das investigacións a el dedicadas. Acto seguido, analízanse varias das unidades fraseolóxicas, elixidas en función de determinadas características peculiares da lingua romanesea, como a énlise do artigo determinativo, fenómeno considerado en relación co da adverbialización dalgúns substantivos pertencentes ao campo semántico temporal (por exemplo, «*al mattino*» > «*dimineața*», ‘pola mañá’); o uso dun adxectivo convertido en adverbio, na tradución de certas locucións adverbiais de modo (por exemplo, «*di preciso*» > «*precis*» (‘de preciso’), ou as locucións adxectivas italianas formadas por un substantivo precedido pola preposición *de* (por exemplo, «*di valore*» > «*de valoare*», ‘de valor’).

O noveno capítulo, «*La fraseologia calviniana in spagnolo: Il caso di El vizconde demediado*», de Carlotta Falabruzzi e de Debora Vaccari, dedícase á análise dos equivalentes españois das *polirematiche* do *Visconte*. Neste caso, tomáronse en consideración dúas versións españolas desa novela de Calvino: a terceira edición da súa primeira tradución, realizada por Esther Benítez e a cal data de 1977, e unha revisión máis recente, de 2010, levada a cabo por María J. Calvo Montoro. Dada a afinidade entre o italiano mais o español, destaca a alta porcentaxe delas, de equivalencias, pero, con todo, a comparación entre *Il Visconte* e as súas versións españolas suscita interesantes reflexións tanto en termos de tradutoloxía como de fraseoloxía contrastiva.

Na primeira parte do capítulo, preséntanse os estudos acerca da fraseoloxía, xeral e bilingüe, en España. Despois, vanse analizando as equivalencias cuantitativa e cualitativamente grazas á aplicación CREAMY. Para a análise, as autoras utilizaron a versión de 2000 e a de 2019 da aplicación. Entre os principais resultados, sobresaen a correspondencia total entre «*trovare riparo*» e «encontrar refugio»; a perda da unidade fraseolóxica na versión de 2019, como en «*nuovo arrivato*» e «*novato*»²; a omisión da unidade fraseolóxica, como en «*a precipizio*», que se mantén só na versión de 2000 («a plomo»), e a desaparición de unidades fraseolóxicas italianas por estaren en desuso, como en «*come male in gamba*», que se traduce por «en baja forma» (2019) e por «no muy en forma» (2000). En definitiva, a investigación a través de CREAMY manifesta a proximidade lingüística entre as linguas italiana e española. Finalmente, a raíz dos datos lingüísticos xurdidos do estudo, propónse, tamén, unha avaliación das dúas versións da tradución española de *Il visconte dimezzato*, da do ano 1977 mais da de 2010.

No capítulo derradeiro, «*La fraseologia calviniana in tedesco: Il caso di Der geteilte Visconte*», Sabine E. Koesters Gensini observa unha grande equivalencia entre as correspondencias alemás do italiano, con ata un 60% de expresións completamente equivalentes desde o punto de vista semántico. Para a investigación, a autora utilizou a tradución alemá de 1957 do *Visconte* e nela detense nalgúns problemas de lematización derivados da «tendencia fortemente aglutinante do léxico alemán». Conclúea cunha serie de exemplos que ilustran as dificultades tradutolóxicas debidas á polisemia das expresións *polirematiche* e indagando na súa estratificación semántico-pragmática e en como esta inflúe na elección de diferentes equivalentes para unha mesma expresión.

Na parte introdutoria do capítulo, achégase a información básica sobre o idioma que permite situar os datos da análise nun marco lingüístico-xeral; ofrécense apuntamentos respecto do mundo xermanófono, da evolución histórica da lingua, con especial atención ao léxico, ao estudo da fraseoloxía alemá e da lexicografía fraseolóxica. Xa o treito central do capítulo se centra na análise da tradución da fraseoloxía do *Visconte*, desde unha perspectiva tanto cuantitativa como cualitativa. O seu punto de partida é a extracción mais a descrición de combinacións non libres de palabras italianas que executou Michela Piattelli (coa colaboración de Alessandra Menichini) a través da plataforma CREAMY. En termos máis técnicos, mediante o estudo contrastivo dun corpus paralelo de textos, Koesters intentou sacar á luz unha porción da complexísima rede de relacións sintagmáticas e asociativas que constitúen o valor concreto da expresión *polirematica* nun contexto dado. Tal valor realízase, de maneira exclusiva, dentro da propia lingua e áchase igualmente relacionado cos valores culturais da comunidade lingüística que lle deu forma a esa lingua asentados historicamente.

En definitiva, a pesar da extensión do volume mais dos múltiples capítulos que o compoñen, a súa estrutura simplificada e esquemática permítelle ao público lector, leigo tanto en fraseoloxía como nas linguas tratadas, seguir unha liña guía teórico-práctica.

² Na versión de 2000, mantense a unidade fraseolóxica.

Como engadido, a elección de empregar un enfoque práctico para explicar o CREAMY, no segundo capítulo, e de artellalo como un manual de uso, intriga tanto a quen o le que incita a esa persoa a poñelo en práctica paso a paso, consonte as instrucións fornecidas. Para alén diso, a xustaposición de nocións teóricas con exemplos prácticos nas distintas linguas favorece a comprensión mais a reflexión sobre posibles equivalentes na lingua materna.

O libro que acabamos de recensiosar conforma un excelente traballo que se ocupa de cuestións de grande interese e de actualidade na investigación fraseolóxica, contrastiva e tradutolóxica. É un traballo que alimenta a necesidade de continuar a estudar este eido da fraseoloxía e que se pode tomar como modelo para futuros traballos verbo doutras obras literarias.

Maria Carmela Zaccone

Università degli Studi di Torino (Italia)

ORCID: 0000-0003-4377-8165

mariacarmela.zaccone@unito.it